BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Venres, 23 de novembro de 2018
Núm. 226

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN ANUAL REXISTROS DE INTERESES 2018

EXPEDIENTE	REXISTROS MUNICIPAIS INTERESES
TRÁMITE	ANUNCIO EXPOSICIÓN ANUAL DOS REXISTROS DE INTERESES 2018

Dispón o art. 30.9 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións deste Concello, tras a modificación publicada no BOP do 12.05.2011, que anualmente publicarase anuncio de exposición das declaracións inscritas nos Rexistros de Intereses municipais. Esta exposición terá lugar logo do transcurso do prazo das modificacións posibles por razón das declaracións tributarias anuais, segundo o art. 26.3 do mesmo regulamento. Tal resulta en aplicación do disposto no art. 75.7 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Non obstante, por consentimento de todos os membros corporativos decidiuse a publicación íntegra das súas declaracións de intereses na sede electrónica municipal, por entendela máis acorde co art. 8.1 h) da Lei 19/2013, de Transparencia e bo goberno. Ditas declaracións constan, pois, publicadas na sede electrónica do Concello de Pontevedra (http://sede.pontevedra.gal/), menú transparencia, Información institucional e organizativa, declaracións anuais de bens e actividades; así como na web municipal (http://www.pontevedra.gal/), Concello, Corporación, declaracións de intereses.

Polo que atinxe ao restante persoal obrigado a efectuar tales declaracións (persoal directivo local e funcionarios con habilitación nacional do art. 92 bis.6, par. 4, ambos segundo a DAd. 15ª, da Lei 7/1985), non existe acordo similar. Xa que logo, e en cumprimento do sinalado, exponse ao público durante os 7 días hábiles seguintes á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou podan proporcionar ingresos económicos, e as declaracións sobre bens e dereitos patrimoniais, do persoal non corporativo deste Concello obrigado a isto. De así estimarse poderá presentarse solicitude de acceso nos termos do apartado 5 do art. 30 do devandito Regulamento Orgánico, que será resolta segundo tal precepto.

O Secretario

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:DF8LF5O3MZTF8GRE